

DECÁLOGO

PARA OS CERTAMES GALEGOS DE POESÍA DO SEGUNDO CUARTO DO S. XXI.

Os certames de poesía están a ser o medio que posibilita a moitos autores e autoras a entrada no sistema literario do país. A moitos outros lles permite manterse porque é unha das maneiras de salvar as dificultades que comporta hoxe en día publicar unha obra de poesía. E para os lectores son a referencia para achegarse á poesía coa calidade contrastada por un xurado especializado. Mais as análises e propostas feitas na xornada *Os certames galegos de poesía como motores dunha literatura propia*, levada a cabo pola Deputación da Coruña en Carral o 9 de xuño de 2022, suxiren un avance no modelo de premios que se adapte á realidade literaria de Galicia e contribúa a construír unha nova paisaxe poética.

Así, do encontro en Carral de poetas, editores e organizadores de concursos nace o seguinte decálogo para a organización de premios no segundo cuarto do século XXI:

1. Os obxectivos dos certames, ademais daqueles que son alleos á propia creación poética, deben fomentar a escrita de novas obras para que sexan accesibles para os lectores.
2. Os certames explorarán métodos que faciliten a presentación de obras a concurso, evitando que os custos de envío ou presentación supoñan unha barreira para os novos escritores e escritoras.
3. Os concursos permanecerán atentos ao cumprimento das recomendacións en materia de sustentabilidade ambiental, social e económica, así como as que atinxen á igualdade de xénero.
4. Dada a importancia do labor dos xurados, deben ser diversos, plurais, preferentemente non estables, estar correctamente remunerados e contar cos tempos suficientes que lles permitan valorar a calidade das obras coas garantías de emitir un veredicto xusto e con argumentación literaria.
5. Os certames e as editoriais implicaranse na promoción dos e das poetas e as obras gañadoras como produto dun esforzo organizativo que contribúa a optimizar a rendibilidade cultural do investimento público e á construción dunha literatura propia. Neste labor é necesaria tamén a implicación dos autores e autoras na medida que lles corresponda, sendo conscientes ademais da responsabilidade adquirida ao obter o galardón para poñer en valor o certame e o conxunto de poetas premiados, tanto anteriores como futuros.
6. As entidades responsables dos concursos serán conscientes de que o orzamento é moito máis que o premio económico, debendo atender coa calidade suficiente

a difusión da convocatoria, o traballo organizativo, o xurado, a promoción do libro gañador e os esforzos solicitados aos autores o autoras premiadas para a visibilización do certame e os seus resultados.

7. Os certames implantarán sistemas de avaliación que lles permitan valorar a consecución dos seus obxectivos.
8. O coñecemento e a experiencia de cada certame deben ser compartidos co resto de concursos galegos, coa finalidade de buscar complicidades e compartir esforzos que posibiliten unha mellora constante dos resultados.
9. Os certames dirixirán o seu esforzo a que as convocatorias e os seus resultados cheguen de forma máis fluída e continuada á poboación das entidades territoriais das que estes mesmos certames nacen.
10. Os certames deben respectar as obras presentadas a concurso e os dereitos que os autores e autoras teñen sobre as súas creacións.

En definitiva, que os certames de poesía se organicen atendendo a unha creación literaria de calidade e sustentable, á consolidación e fomento de novos lectores e contribuíndo ao fornecemento do sistema literario galego, que é un dos piares sobre o que se constrúe a nosa cultura.